

Fermín Bouza-Brey: “*Si cadra um Dia em Ti*”

Xosé Manuel Dasilva

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DASILVA, XOSÉ MANUEL (2012 [1992]). “Bouza-Brey: ‘*Si cadra um Dia em Ti*’”. *Dorna*: 19, 99-103. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1900>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DASILVA, XOSÉ MANUEL (1992). “Bouza-Brey: ‘*Si cadra um Dia em Ti*’”. *Dorna*: 19, 99-103.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poida que un dos poemas de Bouza-Brey con máis ampla aceptación e maior comentario, dentro do libro *Seitura*, sexa o que leva por título "Si Cadra um Dia em Ti". Manuel María, no ano 1958, xulgábao "un dos mellores poemas que escribiu Bouza-Brey", posto que se continúa aí, engadía, "toda a tristura e toda a ironía do mundo". Non se trataba, verdadeiramente, dunha valoración pasaxeira. Aínda hai pouco tempo, trinta e catro anos despois, Manuel María volvíu insistir na súa afirmación de outrora, declarando máis unha vez que nese poema se atopaba "unha finísima ironía tinguída dunha enorme amargura, como se o poeta adiviñara en vida ós seus botafumeiros oficiais".

Coidamos que non lle faltaba razón, antes e agora, ó escritor monfortino cando se refería con eses atinados comentarios a "Si Cadra um Dia em Ti". Nunha lectura repousada recoñécese que é un poema que reúne con acerto, na madurez existencial e artística do seu autor, a confidencia vital e a virtude estética nun monllo de palabras dotadas de poesía que chegan á fonda emoción. Se nos fixamos na versión que figura na primeira edición de *Seitura*, publicada en Braga en 1955 pola Livraria Cruz na colección galego-luso-brasileira "4 Ventos", lemos seis estrofas de hendecasilabos de catro versos, con rima asonante os pares. Na súa totalidade, pois, son vinte e catro versos:

Si cadra, um dia, em ti, como em num sono,
mergulho-me, ouh estrana e vaga história,
que inda estás por contar em verso antigo,
Deus sabe em que farándola remota!

Que olhos remedarão o meu fasquio?
Meu nome sortirá de cales gorjas?
Que verbas eu direi que não se esqueçam
naqueles peitos e naquelas bocas?

Queçáis, exempro pra seguir nalgures,
vivirei num castelo ou nua cova,
cuberto de paxiãos e de desejos,
preada bem pra corvos, bem pra pombas.

Serei tirano como um rei antergo,
ou triste como um deus de fé ja morta...
Que veus lhe botarão ao meu esprito
e que feixes de luzes ou de somas!

Que coração me pintarão soberbo
e cales manhas me darão treidoras!
Dos beijos dos poetas moribundos
que versos sairão à minha conta!

Si cadra, um dia, em ti, como em num berce,
volvo a vivir, estrana e vaga história.
E assegúm quem che cante, eissi serei
dor para santos, risa para idiotas.

O poeta parece emprender un diálogo esquivo e emotivo co porvir, intentando presaxiar no medio das incertezas presentes a natureza do seu destino na memoria do mañá. Con retranca e á vez con pesar, preguntase en impresionante ton descarnado se por riba da morte, na "estrana e vaga historia", lle ficará o "castelo" ou a "cova", se ten de acabar como "preada bem pra corvos, bem pra pombas", se haberá ser, en fin, "tirano como um rei antergo" ou "triste como um deus de fé ja morta". No remate do poema, sobrancean dous versos de enorme forza que constitúen quizais a mellor resposta, logo de tantas

dúbidas ó longo do poema, ó enigma perseguido desde o verso inicial sobre a fortuna da súa posteridade.

Sen embargo, para a nosa sorpresa, esta non é a única versión divulgada do poema “Si Cadra um Dia em Ti”. No número 5 da revista *Alba*, publicado en Vigo baixo a dirección de Ramón González Alegre e Otto José Cameselle uns poucos anos antes da aparición de *Seitura*, insérese outra que nos causou, cando menos, abraio, xa que ofrece unha notoria diferenza, ó lado de certas discrepancias ortográficas e de puntuación sen importancia, en relación á que acabamos de reproducir. Deste xeito, aquí “Si Cadra um Dia em Ti” non consta de vinte e catro versos, senón só de vinte e dous. Faltan precisamente os dous versos derradeiros, aqueles que con pulo increíble, nunha explosión de ironía, antes lle poñían o cabo á composición:

E assegúm quem che cante, eissi serei
dor para santos, risa para idiotas.

Vexamos enteira estouta lección do texto incluída en *Alba*, na que se anota, polo demais, que procede do libro inédito *Seitura*:

Si cadra, un día, en ti, como en un sono,
mergúllome, ¡ouh estrana e vaga historia
que inda estás por contar en verso antigo
Deus sabe en que farándula remota!
¿Que ollos remedarán o meu fasquíu?
¿Meu nome sortirá de cales gorxas?
¿Que verbas eu direi que non se esquezan
n-aqueles peitos e n-aqueles bocas?
Quezais exempro pra seguir n-algures,
vivirei n-un castelo ou n-unha cova
cuberto de pasiões e de desexos,
preada ben pra corvos ben pra pombas.
Serei tirano, como un rei antergo,
ou triste, como un déus de fé xa morta...
¿Que veus lle botarán ao meu esprito
e que feixes de luces ou de somas!
¡Cal corazón me pintarán soberbo
e cales mañas me darán treidoras!
Dos beizos dos poetas moribundos
¡que versos sairán a miña conta...!

¡Si cadra, un día, en ti, como en un berce,
volvo a vivir, estrana e vaga historia!

Cabería sospeitar que se truncou nesta reprodución do poema na revista viguesa, por causa dalgunha errata desgraciada, a súa integridade orixinal. Mais con probabilidade ese defecto non se produciu. Sábese porque Fernández del Riego, no ano 1955, seleccionou “Si Cadra um Dia em Ti” na súa *Escolma de poesía galega, IV. Os Contemporáneos*, onde figura igualmente sen os dous versos finais. Velaquí esta nova publicación do poema:


Si cadra, un día, en tí, como en un sono,
mergúllome, ¡ouh estrana e vaga historia
que inda estás por contar en verso antigo
Deus sabe en que farándula remota!
¿Qué ollos remedarán o meu fasquíu?
¿Meu nome sortirá de cales gorxas?
¿Qué verbas eu diréi que non se esquezan
naqueles peitos e naquelas bocas?
Quezáis exempro pra seguir nalgures,
viviréi nun castelo ou nunha cova
cuberto de pasiões e de desexos,
preada ben pra corvos ben pra pombas.
Seréi tirano, como un rei antergo,
ou triste, como un deus de fe xa morta...
¡Qué veus lle botarán ao meu esprito
e que feixes de luces ou de somas!
¡Cal corazón me pintarán soberbo
e cales mañas me darán treidoras!
Dos beizos dos poetas moribundos
¡qué versos sairán á miña conta...!
¡Si cadra, un día, en tí, como en un berce,
volvo a vivir, estrana e vaga historia!

¿Como se explica que “Si Cadra um Dia em Ti” fose publicado dúas veces, faltando eses dous hendecasílabos últimos, con anterioridade á súa versión definitiva en *Seitura*? Compréndase que os ausentes non son uns versos calquera. Na nosa opinión, danlle ó poema, ó tempo que un sentido máis nidio, o vigor case dramático que o caracteriza. Por iso cremos que non é un atrevemento supor que foron engadidos con algún propósito, tras a creación inicial de

“Si Cadra um Dia em Ti”, de modo moi consciente polo seu autor.

Fermín Bouza-Brey, en xeral, sempre foi un poeta moi reflexivo no seu oficio, labrando a feitura dos seus versos cun grande esmero. Xa durante os anos previos á Guerra Civil, é fazediro atopar numerosas referencias críticas que lle acreditan esa condición no comentario da súa poesía afincada, sen ruptura nin conflito, na tradición da lírica medieval e popular e na modernidade das novas formas. Otero Pedrayo, Vicente Risco, Carballo Calero ou Fernández del Riego, e citamos soamente algúns nomes ilustres que se teñen ocupado da poesía de Bouza-Brey antes de 1936, son autores de cadanseus escritos onde se presenta a súa personalidade poética con xuízos encomiásticos. Neles resulta doado advertir que, amais doutros méritos de sinalada importancia, se adoita salienta-la capacidade de Bouza-Brey para obter unha depurada perfección formal na súa linguaxe poética.

Algúns textos autógrafos do escritor ponteareán, desde lógo, deixan comprobar que sometía ós seus poemas a unha paciente e rigorosa revisión co obxecto de lograr unha expresión pulcrísima. Pódenos servir como exemplo o soneto “Na morte de Julio Brumbeck Reguera”, unha das súas máis belas creacións, nada no ano 1925 en triste homenaxe á desaparición repentina do seu amigo da infancia vivida en Vilagarcía de Arousa. A elaboración de dita peza mostra, confrontando a versión definitiva que figura en *Nao senlleira* coa que nos ofrece antes outra mecanografiada con varias enmendas da man de Bouza-Brey, que os seus brillantes hendecasílabos xorden non da improvisación inxenua e apurada, senón da vixancia ríxida á esixente arquitectura da forma estrófica e á escolla máis apropiada dos vocábulos. Nótase con claridade nas correccións manuscritas que os cuartetos a penas presentan lixeiras modificacións ortográficas e léxicas -”maia” por “maja”, “escurenta” por



Alfonso Costa

“oscurenta”, “guacamaia” por “guacamaja”, “pulcritude” por “eternidade”-. Con respecto ós tercetos orixinais advírtese, non obstante, que Bouza-Brey vai máis aló nas rectificacións que introduce ata o punto de transformar absolutamente os seus seis versos. Iso permite deducir que o poeta, en principio, non acababa de acadar un equilibrio estrutural adecuado no traxe de rematar con bo pulso o soneto, o cal si se evidencia, polo contrario, na mestría técnica da redacción final:

Amigo craro, atal na noite maia,
n-esta escurenta dôr a me roldar
non hai ningunha estrela guacamaia
que arremede a voz pura do luar.

Amigo craro, atal que na orballada,
non ten a gesta en fror da miña mágoa
ningunha pinga química callada
na pulcritude engebre de unha bágoa.

Sereo estóu ollando a tua face...
¡Ti non te vas de mín! ¡Juntos boguemos
na hora suprema, cando a Morte nace,

cara ao Ningures, pol-a inmensa calma
do mar perdido da nenez sen remos,
pousar eternamente alma con alma!

Nese afán de corraxir e puír con severidade o seu discurso, a través da análise de máis poemas de Bouza-Brey chama a atención o feito de que mesmo chegaba a alterar algún texto unha vez publicado por primeira vez. Tal nota curiosa vénnos confirmada polas versións diferentes que coñecemos, desde 1935 ata 1955, do poema “Dende Armórica”. A primeira versión recóllese no número 425 da revista portuguesa *Seara Nova*, aparecido o 7 de febreiro de 1935, co título “A un mozo galego dende Cornualha”, acompañada pola indicación ó pé de que o poema está datado en Penmarch, na rexión francesa de Cornualles, no ano 1933:

Teño de te prisar na minha onda de luz,
atal que a min agora prisa o faro de
Eckmühl.

Quero que sejas tí o que eu já non hei ser:
lume na noite, estrela no mênecer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso amor...

Teño de te apreijar no meu feije de luz,
atal que a min agora o albo faro de Eckmühl.
Quero que leves tí o que eu já n-hei levar:
alboradas no peito e nos ollos luar;
no estrano espírito alceso, ilusión de ilusións
e o corazón deitando celme de corazóns...

¡Ah, sí! Hate apanhar minha fouce de luz
atal que a min agora a do faro de Eckmühl.
¡Todo pra que conquiras o que eu n-hei
conquerir

Antre o enjamio dos astros a Patria do porvir;
unha Galiza plena, sensitiva e vital
nun planeta senlleiro todo limpo de mal!

Só uns meses despois, o 21 de setembro, o poema é recollido no xornal *A nosa terra* no seu número 383. Fronte á versión que vimos de rexistrar, esta soamente presenta algunhas diferencias de puntuación xunto coas variantes que marca a non utilización das grafías “nh” e “lh”:

Teño de te prisar na miña onda de luz
atal que a min agora prisa o faro de Eckmühl.
Quero que sejas tí o que eu ja non hei ser:
lume na noite, estrela no mênecer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso amor...

Teño de te apreijar no meu feije de luz
atal que a min agora o albo faro de Eckmühl.
Quero que leves tí o que eu ja n-hei levar:
alboradas no peito e nos ollos luar;
no extrano espírito alceso ilusión de ilusións
e o corazón deitando celme de corazóns...

¡Ah, si! Hate apanhar miña fouce de luz
atal que a min agora a do faro de Eckmühl.
¡Todo para que conquiras o que eu n-hei
conquerir!

Antre o enjamio dos astros a Patria do porvir;
unha Galicia plena, sensitiva e vital
n-un planeta senlleiro todo limpo de mal!

Existe, con todo, outra versión posterior, incluída en 1955 no libro *Seitura*, con cambios de maior releve que xa comezan no propio título, agora “Dende a Armórica”:

Tenho de te prisar no meu feixe de luz,
atal que a min agora prisa o faro de Ermülhk...

Quero que sejas ti o que eu ja não hei ser:
lume da noite, estrela no mencer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso amor.

Teimo de te anegar c’o meu piago de luz,
atal que a min anega o outo faro de Ermülhk...

Quero que leves ti o que eu ja n’hei levar:
alvoradas no peito e nos olhos luar;

no estrano esprito alceso ilusão de ilusiões,
e o coração deitando celme de corações.

Ah, si! Há-te apanhar minha fouce de luz,
atal que a min agora a do faro de Ermülhk.

Quero que ti conquiras o que eu n’hei
conquerir:
polo enxâmio dos astros a pátria do porvir,
minha Galiza chêa, comprida, sideral...
Um planeta senlheiro, todo limpo de mal!

Obsérvase que Bouza-Brey introduce, en comparación coas outras versións do poema, modificacións de carácter léxico -“feixe” por “onda”, “anega” por “agora”, “outo” por “albo”-. E, á parte destas novidades, ata substitúe enteiramente dous versos -“teimo de te anegar c’o meu piago de luz” por “tenho de te apreijar no meu feixe de luz” e “minha Galiza chêa, comprida, sideral...” por “unha Galiza plena, sensitiva e vital”-. Bouza-Brey, case no rastro de Pondal nese desexo de loitar permanentemente coa arte de escribir, semella que non concluía con facilidade a revi-

sión dos seus poemas a pesar de estar, en ocasións, xa publicados.

E retornamos agora ó primeiro, a “Si Cadra um Dia em Ti”. Confirmamos coa análise textual dos poemas “Na morte de Julio Brumbeck Reguera” e “Dende a Armórica” que, en efecto, Bouza-Brey é un corrector constante dos seus versos antes de os dar ó prelo e mesmo cando chegaran imprentados ós lectores algunha vez. Ben se ve que aducimos a penas dúas mínimas probas, pero ambas serven para testemuñar que o escritor pontearían sentía moito respecto pola feitura exquisita da súa obra poética. Mostrando unha vontade de estilo exemplar, débese destaca-lo seu extraordinario celo retocando e limando os versos coa paciencia meticulosa dun artesán.

Ora ben, ¿tal é o caso tamén do poema “Si Cadra um Dia em Ti”? “E assegúm quem che cante, eissi serei / dor para santos, risa para idiotas”... ¿Podemos entender que eses dous maravillosos hendecasilabos, fermosos e rexos, acedos e sarcásticos, asoman da mera corrección da lección orixinal da peza igual ca unha engádegas sen maior releve? Non parece que acontecesse así, e demóstrao o feito de que no resto do poema non existan outros cambios, nin sequera pequenos, entre as súas diferentes versións.

Do noso ánimo fica moi lonxe calquera interpretación biografista do remate de “Si Cadra um Dia em Ti”. Non sería xamais literariamente legal. Estamos convencidos, emporiso, de non resultar sinxela a explicación dos motivos posibles do nacemento da súa versión derradeira, e, á vez, de que son dous versos cunha trascendencia semántica de grande importancia.

¿Que estraño artificio, por exemplo, constrúe a sona duradeira dun poeta tras a súa morte?